

ASTIBERRI



O Corpo de Cristo

BEA LEMA





10 DE SETEMBRO DE 2021
AQUEL DIA MAMÁ BAIXOU Á PRAIA.



SUBIU AS ROCHAS E AFASTOUSE DA BEIRA.



DÉIXAME!
SÓ QUERO
TIRARME AQUI
E QUE TODO REMATE



METEUSE NA AUGA.
ENTRE AS ROCHAS, PRETENDÍA AFOGAR.



ANTONIO TABOADA BALBOA
MÉDICO PSIQUIATRA
COLEXIADO NÚMERO: 3542

PACIENTE: Adela Aldán Salgueiro

DATA DE NACEMENTO: 28/10/1946

SEXO: Muller

ENDEREZO: Rúa da Torre, n.º 24 - 5.º - 15002 - A Coruña

TELÉFONO: 981 24 11 21

INFORME

A paciente Adela Aldán Salgueiro, de 54 anos, casada, 2 fillos, natural de Cesullas-Cabana e veciña da Coruña, ama de casa e traballadora por conta allea en confección para empresa de roupa, está sendo tratada por nós (intermitentemente) desde febreiro de 1995.

Segunda de sete irmáns, a patoloxía familiar é extensa, desde un probable delirio relixioso-mesiánico, ata personalidades "especiais" e bebedores importantes cando non alcohólicos, sobre todo pola rama paterna.

Como antecedentes persoais, un cadro celotípico en 1985, sendo tratada xa por outros especialistas. A súa personalidade previa ostenta marcada tendencia paranoica: hipersensible, desconfiada, seria, con acusadísimo sentido do ridículo, testana e rixida de criterios e con pouco sentido do humor.

TRATAMENTO ACTUAL	
Fluoxetina	20 mg
Olanzapina	10mg
Clorazepato	10 mg

A Coruña, decembro de 2000

Antonio Taboada Balboa



EU NACÍN O 31 DE XANEIRO DE 1985.

A VIAXE AO PORRIÑO
É UN DOS MEUS
PRIMEIROS RECORDOS.
TIÑA 4 ANOS.

ESTABAMOS A UNHAS
DÚAS HORAS DA CASA
CANDO PAPÁ NOS DEIXOU
NA ESTRADA FRONTE A
UNHA CASA QUE SEMELLABA
DESHABITADA.





MAMÁ CHAMOU VARIAS VECES
E FINALMENTE ABRÍRONNOS.



ESTABA ASUSTADA, NON COÑECÍA ESA MULLER E
TAMPOUCO TIÑA CLARO QUE FACÍAMOS ALÍ.





BAIXAMOS AO SOTO E COMECEI A SENTIR UN FORTE CHEIRO A INCENSO.



A SEÑORA PEDÍUME QUE SENTASE
E MAMÁ PÚXOSE NUNHA ESQUINA.





ENTÓN, COMEZO A MOVER AS
SÚAS MANS, A AXITALAS COMO
SE FOSEN A DESPRENDERSE
DOS SEUS PULSOS.



RODEÁBANME, MOVÍANSE AO
LONGO DO MEU CORPO, DE ARRIBA
ABAIXO E DE ABAIXO ARRIBA.



O AMBIENTE ERA CADA VEZ MÁIS PESADO. O
CHEIRO A INCENSO MESTURÁBASE COA NOSA
SUDACIÓN. OS MEUS MALES SAÍAN POLA SÚA
BOCA. A CERIMONIA ALCANZA O SEU MOMENTO
ÁLXIDO. A MEIGA DESCENDE O RÍTMO, POUCO
A POUCO. AGORA SUPONSE QUE XA ESTOU BEN.



HABÍA SEMANAS QUE ESTABA DÉBIL, FATIGADA E CASE NON COMÍA.
ANTES DE IR VER A CURANDEIRA VISITAMOS VARIOS DOUTORES.



ESTA NENA
TEN MECOS
DE MAMÁ.



ISTO NON É COUSA
DE MÉDICOS.

PERO NINGÚN SABÍA QUE ME PASABA. ASÍ QUE DECIDIU BUSCAR
OUTRAS ALTERNATIVAS.



VAIA
FARSANTE.

A MULLER ERA FAMOSA PORQUE SANDABA A XENTE COAS MANS.
PERO COMIGO NON FUNCIONOU.



SEGUÍN EMPEORANDO E TERMINEI INGRESADA NO HOSPITAL, ONDE ME
DIAGNOSTICARON TUBERCULOSE.



POR AQUEL ENTÓN EMPEZARON A PASAR COUSAS QUE ME
FÍXERON SOSPEITAR QUE ALGO LLE OCORRÍA A MAMÁ.

POLAS TARDES METÍASE
NA CAMA. SENTÍA
ANGUSTIA, DOÍALLE A
CABEZA, TIÑA
TREMORES E UN PESO
NO SEU INTERIOR.



